

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 11 DE MAIO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado mediante o Decreto 66/2016, do 26 de maio.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza o inicio do trámite de información pública do Anteproxecto da lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón do Plan de vilas termais e núcleos históricos de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration, por importe de vinte e tres millóns douscentos trinta e cinco mil euros (23.235.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello da Estrada para acometer a execución das obras dun módulo cuberto multideporte, cun investimento de dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €), IVE incluído.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, por importe total de catrocentos mil euros (400.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, co fin de que executen proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se realiza a súa convocatoria, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente do contrato do servizo xeral de atención ás persoas usuarias dos sistemas e medios TIC da Xunta de Galicia (CAU Central e Oficina Técnica do CAU), por un orzamento de licitación, IVE incluído, de dous millóns douscentos doce mil oitocentos corenta e oito euros (2.212.848,00 €) e un valor estimado de catro millóns trescentos oitenta e nove mil cento vinte euros (4.389.120,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado para a mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) nas rutas de acceso polo noroeste á cidade de Santiago.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello da Gudiña para a execución da obra de abastecemento e saneamento na Gudiña, A Gudiña (Ourense), por importe de douscentos sesenta e sete mil novecentos noventa euros con vinte e un céntimos (267.990,21 €), susceptible de financiamento ao 100 % a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixe REAC- UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cabana de Bergantiños para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de abastecemento a Nantón e Anos, Cabana de Bergantiños (A Coruña), por importe dun millón trescentos sesenta e tres mil novecentos oitenta e un euros con setenta e catro céntimos (1.363.981,74 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Otero Pedrayo para a recuperación cultural-ambiental na contorna do Pazo de Trasalba, por un importe total de oitenta mil euros (80.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil para a posta en marcha do Observatorio da Literatura Infantil e Xuvenil Iberoamericana (OLIXI), por importe total de corenta e sete mil trescentos corenta e oito euros (47.348,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun complemento específico compensador para o persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que non se integra no corpo de profesores de ensino secundario.
- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga de presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, así como a superación do límite do 80 % nos pagamentos parciais, segundo o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e pola que se realiza a súa convocatoria para o exercicio 2023, por importe de dezasete millóns trescentos trinta mil euros (17.330.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral e evolutivo dos equipamentos de alta tecnoloxía da marca Philips instalados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, por importe de trece millóns trescentos dezaseis mil corenta e nove euros con dezanove céntimos e un valor estimado de dezaseis millóns trescentos catorce mil oitenta e tres euros (16.314.083,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subministración de robots cirúrxicos para cirurxía ortopédica con destino a diversos hospitais do Servizo Galego de Saúde, susceptible de financiamento ao 100 % pola Unión Europea no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por un importe total de cinco millóns oitocentos dezasete mil catrocentos cincuenta e cinco euros con vinte e oito céntimos (5.817.455,28 €), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de catro millóns oitocentos sete mil oitocentos catorce euros con vinte e oito céntimos (4.807.814,28 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituir garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/24, e se realiza a súa convocatoria (código de procedemento BS420C). Importe: corenta e un millóns catrocentos setenta mil novecentos trinta e nove euros (41.470.939,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade co fin de financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio 2023, por un importe total de cincocentos vinte e seis mil oitocentos cincuenta euros (526.850,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao, S.A. para dar continuidade ao desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón de Galicia no período 2023-2026, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o balance de execución 2021-2022 do Plan do posto dixital avanzado do persoal empregado público.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as ordes de convocatoria das axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos, biorresiduos e recollida de residuos especiais para a construción de novos puntos limpos fixos, por un importe conxunto de dezanove millóns, seiscentos oitenta e dous mil catrocentos trece euros con sete céntimos (19.682.413,07 €).
- Informe sobre as convocatorias dos programas de eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de corenta e tres millóns cento setenta e catro mil trescentos corenta e nove euros (43.174.349,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODIFICA O REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS DE GALICIA PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN ADAPTADA Á REALIDADE TERRITORIAL E SIMPLIFICAR A INTERPRETACIÓN DA NORMATIVA

- Os obxectivos do decreto son adaptar os preceptos do regulamento aos cambios producidos na Lei de estradas e favorecer a súa aplicación práctica por parte da Xunta e das deputacións provinciais
- Dótanse de maior precisión conceptos como o de travesía, para que sexa máis sinxela e obxectiva a súa delimitación
- Adáptase o contido e a tramitación dos plans de estradas á nova Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Recóllese á figura da declaración responsable, que se introduciu na Lei de estradas para substituír as autorizacións e simplificar algúns procedementos administrativos
- Desenvólvense as modificacións da lei para flexibilizar as instalacións e usos provisionais, como os andamios ou as terrazas

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de estradas de Galicia co fin de optimizar a xestión das vías adaptada á realidade territorial e simplificar a interpretación da normativa.

O obxectivo do decreto é adaptar os preceptos do Regulamento xeral de estradas de Galicia aos cambios producidos na disposición legal que este desenvolve, que é a Lei 8/2013, de estradas de Galicia.

Tamén se realizan algúns outros cambios no texto para simplificar e aclarar a interpretación dalgún dos seus preceptos, e favorécese así a súa aplicación práctica por parte da Xunta e das deputacións provinciais.

Entre estas modificacións, no título I do regulamento dótanse de maior precisión conceptos como o de travesía, desenvolvendo de xeito máis completo as condicións para a consideración do mantemento da continuidade e coherencia das redes de estradas, para os efectos da adquisición da condición de vías urbanas.

No que se refire á titularidade das estradas, aclárase a situación dos treitos de estradas repostos como consecuencia de obras ou flexibilízanse as condicións para as transferencias en que existan alternativas viarias de titularidade de administracións de menor ámbito territorial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No título II, relativo á planificación e proxección das estradas, adáptase o contido e a tramitación dos plans de estradas á nova Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Tamén se reducen os prazos para a emisión do informe xurídico sobre a tramitación dos expedientes dos estudos e proxectos, e concrétase o seu obxecto.

No texto recóllense as mencións á figura da declaración responsable, que se introduciu na Lei de estradas para substituír as autorizacións e simplificar algúns procedementos administrativos.

Coa autorización deste decreto tamén se modifica a regulación para parcelacións e segregacións, de modo que se flexibiliza a posibilidade de autorizarlas.

Ademais, inclúense e desenvólvense as modificacións da Lei de estradas para flexibilizar as instalacións e usos provisionais, como os andamios no caso de obras ou en edificios, ou as terrazas.

Cómpre lembrar que para a citada modificación a proposta presentada foi sometida a consulta pública previa.

Posteriormente, o anteproxecto de decreto foi sometido á información pública e outorgóuselles trámite de audiencia a todas as consellerías, á Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ás deputacións provinciais ou á Federación Galega de Municipios e Provincias, entre outros organismos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA SOMETE A INFORMACIÓN PÚBLICA O ANTEPROXECTO DE LEI DE RECURSOS NATURAIS

- Subliña que o obxectivo é lograr “que os froitos do aproveitamento dos nosos recursos revertan en Galicia”
- Asegura que grazas a esta normativa, Galicia vaise posicionar “coma un actor de primeira orde dentro da transición enerxética” que se está a vivir en nivel mundial
- O vicepresidente primeiro indica que a Xunta busca que a comunidade sexa referente no aproveitamento de recursos naturais desde o punto de vista “da sustentabilidade” e do “retorno social”
- O texto estará dispoñible para realizar achegas desde mañá, e por un prazo de 15 días hábiles -ata o 6 de xuño-, no portal de Transparencia da Xunta de Galicia
- Entre as novidades normativas destaca a análise integral dos efectos dos proxectos que se queiran instalar en Galicia; a constitución dunha sociedade público-privada que poderá ser titular dos proxectos de aproveitamento dos recursos; e o establecemento dun canon vinculado á enerxía eólica mariña
- Tamén se prevé un fondo da Xunta de Galicia para a recuperación de territorios afectados por incendios que contará con achegas de empresas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou na súa reunión desta mañá someter a información pública o anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. “O obxectivo é establecer unha serie de mecanismos para que os froitos do aproveitamento dos nosos recursos naturais revertan en Galicia”, indicou Rueda.

O presidente explicou que esta normativa vai incluír tanto proxectos de enerxías renovables como a eólica terrestre e mariña como “aqueles que fagan un uso intensivo da auga, as iniciativas mineiras ou as de biogás”.

Rueda subliñou que este texto legal ten “un enorme potencial” para “posicionar Galicia como un actor de primeira orde dentro da transición enerxética que se está a vivir a nivel mundial”.

Na mesma liña, o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde indicou que o obxectivo é “facer de Galicia un referente no aproveitamento dos recursos naturais desde o punto de vista da sustentabilidade -velando por que se lles asignen usos óptimos e con vocación de perdurar no tempo xa que os recursos son finitos- e do retorno social -poñendo esta inmensa riqueza ao servizo dos galegos-”. Conde fixo fincapé na importancia de velar pola protección do medio ambiente á vez que se “xera riqueza e se impulsa o progreso de toda Galicia, non só dos sectores implicados nestes proxectos”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como adiantou, desde mañá venres 12 de maio, e durante 15 días hábiles -ata o 6 de xuño-, o texto legal someterase ao escrutinio dos cidadáns para recibir todas as achegas que poidan melloralo. Deste xeito, tras as reunións mantidas nas últimas semanas dentro da rolda de consultas que se iniciou a finais de marzo para coñecer a opinión de diferentes sectores profesionais e axentes e coa colaboración da sociedade Impulsa Galicia, o texto estará a disposición da cidadanía no portal web de transparencia.

A Lei consta dun título preliminar e sete títulos, ademais das disposicións adicionais e finais. No título preliminar acóutase o obxecto da norma e defínese o que se entende por beneficios sociais e económicos. En concreto faise referencia á mellora das condicións de vida das zonas ricas en recursos naturais, á protección do medio ambiente, á promoción de investimentos e mecanismos de reinvestimento dos beneficios, á creación de emprego, ao impulso da participación nos proxectos de investidores locais e administracións, ou á redución dos custos da enerxía e da dependencia enerxética dos consumidores.

O título primeiro regula os proxectos aos que se refire a Lei -os que fan un uso intensivo da auga, as iniciativas mineiras e os de produción de enerxía a partir de fontes renovables- e incorpora unha das principais novidades que inclúe esta nova regulación: unha análise integral de todos os efectos que produce a iniciativa en cuestión e as medidas que propón a promotora para compensalos. Así inclúense non só os efectos ambientais, senón tamén a participación de investidores locais, o emprego, o valor dos produtos ou servizos adquiridos no concello, comarca ou comunidade, a contratación de servizos de I+D+i con centros galegos, o reinvestimento dos beneficios en accións de interese xeral, a redución dos custos da enerxía ou a preservación dos bens naturais e culturais da zona.

No título segundo abórdase a participación pública nos proxectos e o seu financiamento. Contempla a posibilidade de que a Administración autonómica participe en instrumentos que garantan a sustentabilidade a curto, medio e longo prazo e regúlase a constitución dunha sociedade público-privada que poderá ser titular de proxectos de aproveitamento dos recursos. Unha sociedade na que se blindará a posición de control da Xunta para que só se participe en proxectos de interese público para Galicia.

O título terceiro céntrase no desenvolvemento futuro da enerxía eólica mariña e a creación dun canon para gravar as liñas eléctricas que conectarán os parques eólicos off-shore coas subestacións eléctricas correspondentes. O que se recade destinarase a labores de conservación e restauración do medio ambiente, fortalecer a sociedade de participación pública e darlle ao sector pesqueiro unha contraprestación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O título cuarto incluíra outra novidade: a creación dun fondo da Xunta de Galicia para a recuperación de territorios afectados por incendios que contará con achegas de empresas.

O título quinto desenvolve normativamente os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais para dar estabilidade ao prezo da enerxía. O sexto regula a creación dun sistema voluntario de créditos de carbono e, finalmente, o título sétimo refírese á xestión de biorresiduos e materia orgánica cun alto potencial para converterse en biometano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ACORDO DO PLAN TERRITORIAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VILAS TERMAIS E NÚCLEOS HISTÓRICOS

- O plan inclúe 1 acción de cohesión en destino e 8 plans de sustentabilidade turística, dos cales 7 son impulsados por entidades locais e 1 corresponde ao plan nacional
- O obxectivo principal é promover Galicia como destino termal e histórico-cultural de primeiro nivel, poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas da nosa comunidade
- Trátase do terceiro dos plans territoriais impulsados pola Xunta de Galicia ao abeiro dos fondos Next Generation, tras o impulso do Plan do litoral e do Plan de enogastronomía de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se toma razón da aprobación do Plan territorial de sustentabilidade turística de vilas termais e núcleos históricos de Galicia, que conta cun orzamento de 23,23 M€ e que se desenvolverá no horizonte 2024-2026. O obxectivo principal é promover Galicia como destino termal e histórico-cultural de primeiro nivel, poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas da nosa comunidade.

O plan impulsará o turismo termal e histórico-cultural en Galicia mediante a modernización das infraestruturas existentes, diversificando o sector para atraer novos segmentos de poboación, mellorando a comercialización e a promoción de novos produtos turísticos. Ademais promoverá a xestión sustentable e a potenciación do territorio termal e cultural galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo cuxa proxección e comercialización alcancen o ámbito nacional e internacional.

Trátase do terceiro dos plans territoriais impulsados pola Xunta de Galicia ao abeiro dos fondos Next Generation, tras o pulo do Plan do litoral e do Plan de enogastronomía de Galicia. Como os anteriores plans, está estruturado arredor de accións de cohesión en destino (ACD) e plans de sustentabilidade turística (PSTD) impulsados polas entidades locais. Concretamente, engloba 1 ACD que conta cun investimento de 10.035.000 €, 7 PSTD impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 11.200.000€, e 1 PSTD do plan nacional, que recibirá un total de 2 M€.

Actuación de cohesión en destino

A ACD Galicia destino termal, que conta cun importe total de 10.035.000 €, prevé dúas accións principais, unha orientada a converter o Pazo Provincial de Ourense en balneario e centro de Innovación e de investigación do termalismo de Galicia (5,5M €) e outra de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mellora de infraestruturas e oferta termal en Galicia (3,7 €), que se complementan con accións de formación, investigación e innovación do turismo termal, así como a mellora da competitividade das empresas de turismo termal, por importe de 700.000 €.

Plans de sustentabilidade turística en destino

No marco deste plan territorial aprobado hoxe, atópanse plans de sustentabilidade turística, dos cales 7 son impulsados por entidades locais e 1 corresponde ao plan nacional.

- PSTD Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra, impulsado pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 2 M€.
- PSTD Ourense colle velocidade, vilas históricas e termas, solicitado pola Deputación de Ourense, cun orzamento de 1,5 M€.
- PSTD Mar de Santiago: un percorrido marítimo-fluvial, impulsado pola Asociación Mar de Santiago, integrada polos concellos de Vilanova de Arousa, Catoira, Valga e Pontecesures, cun orzamento de 1,7 M€.
- PSTD Centro histórico de Betanzos: o pasado como motor de futuro sostible, cun orzamento de 1 M€.
- PSTD do Centro histórico da vila de Bouzas, do concello de Vigo, cun orzamento de 2 M€.
- PSTD Plan vive a historia, descobre Tui: conexión sostible entre patrimonio e natureza, cun orzamento de 2 M€.
- PSTD Allariz destino sostible, cun orzamento de 1M€.

A estes 7 PSTD engádeselles un escollido no marco do Plan nacional Sol e praia-turismo azul, que é o PSTD Ribeira Sacra. Compromiso coa mobilidade sostible e a mellora continua, solicitado polo Consorcio Ribeira Sacra. Conta cun orzamento de 2 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESTRADA CONTARÁ CUN MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE, QUE TERÁ UN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 2 MILLÓNS DE EUROS

- A infraestrutura suporá a construción dun módulo de atletismo cuberto, que contará con espazos para deportes de combate e ximnasio
- Esta nova instalación completa as instalacións deportivas do municipio pontevedrés e situarase como elemento de comunicación entre a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e unha nova pista de atletismo proxectada polo concello

O Consello da Xunta aprobou o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Estrada para a realización das obras dun módulo cuberto multideporte situado na contorna da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), e que se situará como un elemento de comunicación entre o edificio principal e unha nova pista de atletismo proxectada polo concello. A instalación terá un orzamento superior aos 2 millóns de euros (2.028.588,72 euros), dos cales a Xunta de Galicia achegará 1.028.588,72 euros e o municipio pontevedrés o millón restante.

A nova infraestrutura completa as instalacións deportivas da Estrada e situarase como elemento de comunicación entre a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e a pista de atletismo proxectada. Cómpre salientar que, desde 2017, grazas a outro convenio de colaboración asinado coa Xunta, os deportistas galegos de alto nivel e as federacións deportivas de Galicia poden utilizar para as súas concentracións as instalacións da AGASP, que contan con recursos como residencia, ximnasio, sala de tatami ou pistas exteriores.

Con esta nova actuación, a AGASP contará cun módulo cuberto que permita o desenvolvemento de adestramentos e competicións de probas técnicas cando a situación climatolóxica sexa adversa para especialidades como o salto con pértega, os saltos de lonxitude e triplo salto ou as probas de velocidade e valos. Ademais, ao completar a instalación de aire libre con este módulo de pista cuberta, permitirá o desenvolvemento de competicións e concentracións técnicas de alto nivel, ao contar con todo o necesario para o seu desenvolvemento. O novo módulo tamén terá espazos destinados a deportes de combate (judo, karate ou taekwondo) e ximnasio.

O deporte galego acada en 2023 o maior orzamento da serie histórica, ao superar os 44 millóns de euros, un orzamento que se incrementa un 36 % con respecto a 2022 (32,5 millóns) e supera por vez primeira os 41,2 millóns de 2009. Cómpre salientar que, deste orzamento total, preto de 20 millóns de euros (19,84 millóns) se dedican a construción e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mellora de instalacións deportivas, o 45 % de todo o orzamento récord da Secretaría Xeral para o Deporte.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA AECID E A COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA PARA A ACTUACIÓN CONXUNTA E COORDINADA EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA

O Goberno galego achegará 400.000 euros ata 2026 ao fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento co fin de executar actuacións e proxectos en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Convenio de colaboración entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) dirixido á execución da actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria no período 2023-2026. Galicia destinará 400.000 euros - 100.000 euros por ano- para dar continuidade á colaboración establecida entre a AECID e a Cooperación Descentralizada en 2018.

No novo convenio da AECID participan, ademais de Galicia, as comunidades de Asturias, Cantabria, La Rioja, Murcia, Comunidade Valenciana, Canarias, Balears, Comunidade de Madrid, Castilla y León, Extremadura, Andalucía e Castilla-La Mancha. Tamén forma parte do acordo a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Ao abeiro deste convenio, a AECID achegará 1,5 millóns de euros e o resto de autonomías deberá aboar 75.000 euros anuais como mínimo.

O acordo permitirá a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, regulando a colaboración das partes en materia de acción humanitaria.

As intervencións centraranse nos sectores de protección, seguridade alimentaria e nutrición, saneamento e hixiene, ou saúde e educación en emerxencias. Deste xeito, realizaranse actuacións no ámbito da preparación ante desastres, emerxencias súbitas, crises complexas e de protección de persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Neste caso, as accións cofinanciadas no marco do convenio deberán focalizarse na promoción das responsabilidades do I Cumio mundial humanitario para, entre outras cousas, promover o empoderamento e o liderado das mulleres, desenvolver as capacidades locais e nacionais para responder fronte ás crises, así como o financiamento directo a actores locais e nacionais para a xestión de desastres e riscos, sobre todo aos grupos de mulleres.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No ano 2015 xa asinaron Galicia, La Rioja, Castilla-La Mancha, Illes Balears, Extremadura e Madrid o primeiro convenio para a programación conxunta da Acción Humanitaria, ao cal se lle deu continuidade en 2018 cun novo acordo para a coordinación da acción humanitaria entre Galicia, Asturias, Cantabria, La Rioja, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Balears, Comunidade de Madrid, Castilla y León e a FEMP, ao que se adheriu posteriormente a Comunidade Autónoma de Extremadura. Este convenio prorrogouse o ano pasado, ao igual que sucedera en 2019, 2020 e 2021.

O V Plan director da Cooperación Galega, que recolle as actuacións e fondos neste eido ata 2026, establece a participación activa nos espazos e iniciativas da Cooperación Española con medidas como o Fondo humanitario común, coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID) ao abeiro deste acordo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS A PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL QUE EXECUTARÁN AS ONGD

O Consello da Xunta dá luz verde a esta convocatoria, que financiará actividades relacionadas coa sensibilización, concienciación, formación e investigación sobre o desenvolvemento, así como a incidencia e a mobilización social para crear redes de solidariedade na comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que executarán as Organizacións non Governamentais de Desenvolvemento (ONGD), por importe de 600.000 euros, ata 2024. A subvención terá unha dotación distribuída entre os 240.000 euros deste ano 2023 –o 40 % do total– e os 360.000 euros restantes previstos para o próximo ano.

Poderanse financiar actividades que forman parte da educación para o desenvolvemento desde catro perspectivas: a sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; a formación sobre o desenvolvemento e a súa difusión nos ámbitos educativos; a investigación neste ámbito; e a incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na sociedade.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as ONGD e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, isto é, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, as comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

O importe máximo para proxectos individuais executados neste ano 2023 será de 25.000 euros e de 35.000 euros se se trata de iniciativas plurianuais. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación, a contía da axuda poderá acadar os 45.000 euros, se son programas plurianuais, e de 35.000 euros se son anuais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 64 PARADAS DE AUTOBÚS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS DAS COMARCAS DE SANTIAGO, FISTERRA, TERRA DE SONEIRA E XALLAS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2,3 M€

- As intervencións realizaranse en 14 estradas ao seu paso polos concellos de Ames, Brión, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Santa Comba, Vimianzo e Zas
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé convocar as expropiacións no verán, para licitar as obras a finais de 2023 e comezalas na primavera de 2024
- As actuacións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para os citados proxectos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 64 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas das comarcas de Santiago, Fisterra, Terra de Soneira e Xallas, que suporán un investimento autonómico de máis de 2,3 M€.

O Goberno galego tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para o desenvolvemento destas intervencións en 10 concellos e en 14 estradas autonómicas.

Ademais, coa aprobación definitiva do proxecto desta actuación autorízase, tamén, a declaración de utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos 65 predios necesarios para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 2.550,82 m².

A Xunta prevé convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no verán, para licitar as obras a finais de 2023 e comezar a execución na primavera de 2024.

No que se refire a este proxecto, nas rutas de acceso polo noroeste da cidade de Santiago, as intervencións realizaranse, concretamente, en 13 paradas en Santa Comba; 9 en Ames; 21 en Brión; 2 en Camariñas; 1 en Cee; 1 en Corcubión; 4 en Dumbría, 7 en Fisterra; 2 en Vimianzo, e 4 en Zas.

As obras previstas suporán o acondicionamento dos carrís para a paraxe do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas. Tamén se prevé a instalación de novas marquesiñas, ademais de actuacións complementarias de drenaxe, conducción de servizos ou colocación de varandas para protexer os usuarios nos lugares onde poida haber desniveis.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No eido destas intervencións, en primeiro lugar, priorízase a localización óptima destas infraestruturas en tramos rectilíneos e con visibilidade, en treitos en que a pendente da estrada é menor, próximas aos itinerarios accesibles e en zonas iluminadas.

Os traballos que se acometerán nas paradas consistirán en melloras do equipamento, como a dotación de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade, realizando a eliminación de vexetación, a mellora da visibilidade e da iluminación ou a ampliación do espazo ao redor das paradas.


Ademais, as intervencións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

Estas intervencións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co cal a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

Estes proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea-Next Generation EU e enmárcanse no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Imaxe de situación das paradas e exemplo de planta de actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DA GUDIÑA PARA A MELLORA DO ABASTECIMENTO E DO SANEAMENTO NO NÚCLEO URBANO, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 270.000 €

- Renovaranse as conducións das redes municipais nas rúas Cima da Aldea e Fonte Filgueira que, xunto ás que xa se se realizaron na contorna, permitirán a modernización destes servizos nas principais rúas da vila
- A Xunta financiará integramente as obras, que se prevé que se inicien en xuño cun prazo de execución de 6 meses
- As redes executadas integraranse nunhas infraestruturas urbanas que darán servizo á totalidade do núcleo de San Martiño e San Pedro da Gudiña, cunha poboación equivalente de 812 habitantes para o ano horizonte 2035

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á colaboración técnico-financieira co Concello da Gudiña para a mellora do sistema de abastecemento e saneamento municipal no núcleo urbano, que suporá un investimento autonómico de preto de 270.000 euros.

O obxectivo desta colaboración técnica-financieira é a renovación das conducións de abastecemento e saneamento municipal nas rúas Cima da Aldea e Fonte Filgueira, no centro da vila ourensá.

Mediante este acordo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, asume integramente o financiamento da actuación e levará a cabo a contratación e execución dos traballos, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das intervencións que se leven a cabo.

A autorización de hoxe marca o inicio dos trámites para executar as obras, que se acometerán a través dunha encomenda á empresa pública Seaga. A previsión é iniciar os traballos en xuño e entregarlle ao Concello as novas infraestruturas hidráulicas entre finais deste ano e principios do 2024, xa que os traballos contan cun prazo de execución de 6 meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións serán financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

O obxecto das actuacións

O núcleo da Gudiña precisa dunha serie de melloras nos servizos de abastecemento e saneamento municipal nalgunhas das rúas do seu centro histórico.

Mediante a colaboración autorizada hoxe pola Xunta amplíanse as actuacións de renovación das redes de saneamento e abastecemento que xa se realizaron en varias rúas do núcleo, incluído un treito da propia rúa de Cima da Aldea, polo que coa execución destas novas obras quedarán renovados os servizos nas principais rúas da vila.

Segundo o proxecto deseñado pola entidade hidráulica da Xunta, a mellora da rede de abastecemento comezará pola instalación de tubaxe de polietileno e a colocación na dita rede das correspondentes chaves de paso e bocas de rega instaladas en pozo. A lonxitude total da nova rede acadará os 120 metros na rúa Cima de Aldea e os 50 metros de lonxitude na rúa Fonte Filgueira. Tamén se reporán as acometidas domiciliarias en arquetas de rexistro con tapas de fundición.

No caso da rede de saneamento, seguindo as pautas das rúas que xa foron arranxadas, habilitarase unha rede separativa de saneamento de fecais e pluviais. Para as fecais instálase tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro e para a de pluviais, tubaxe de PVC de 250 mm.

Nesta intervención inclúese a colocación de pozos de rexistro cada 50 metros, tanto para fecais como para pluviais, de formigón en masa, con cerco e tapa de fundición reforzada. Tamén se instalan sumidoiros cada 8 metros, distribuídos polo eixe da rúa cunha separación de 10 metros.

Ademais, efectuarase a reposición das conexións domiciliarias, tanto de saneamento como de pluviais.

Aproveitaranse tamén os traballos para realizar o soterramento do tendido de enerxía eléctrica en baixa tensión e disporase dunha nova iluminación pública, que contará cun sistema para o aforro de enerxía mediante equipo estabilizador reductor.


A reposición do pavimento afectado polas obras realizarase seguindo o deseño empregado en treitos contiguos xa executados, e darase continuidade ao existente conforme os criterios consensuados coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta intervención, as redes executadas intégranse nunhas infraestruturas urbanas que darán servizo á totalidade do núcleo de San Martiño e San Pedro da Gudíña, cunha poboación de 812 habitantes equivalentes para o ano horizonte 2035.

Plano de localización do proxecto obxecto da colaboración técnico-financeira autorizada hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA DOTAR DE ABASTECIMENTO AS ZONAS DE NANTÓN E ANOS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,36 M€

- Completaranse as obras xa executadas cunha nova captación de auga no río Anllóns e unha estación potabilizadora, co obxectivo de garantir a subministración de auga a estes núcleos e ao futuro parque industrial da Costa da Morte
- A Xunta achegará o 90 % do orzamento, máis de 1,22 M€, e executará as obras, mentres que o Concello contribuirá co 10 % restante, algo máis de 136.000 €
- O Concello debe realizar agora a tramitación municipal para que Augas de Galicia poida licitar as obras antes de rematar o ano
- A intervención, que ten un prazo de execución de 12 meses, dará servizo a unha poboación total futura de 1.871 habitantes

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Cabana de Bergantiños para dotar do servizo municipal de abastecemento as zonas de Nantón e Anos, cun investimento de preto de 1,36 M€.

A través desta cooperación impúlsase o remate das obras parcialmente executadas neste municipio coruñés, nas cales se inclúe o deseño dunha nova captación de auga no río Anllóns, unha estación de tratamento de auga potable e demais intervencións necesarias para completar as obras que garantan a subministración de auga a estes núcleos e á zona de implantación do futuro parque industrial da Costa da Morte.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 90 %, para o que achegará máis de 1,22 M€. O Concello de Cabana de Bergantiños contribuirá ao financiamento do 10 % restante, para o que destinará algo máis de 136.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución dos traballos, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, procederase á consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, a aprobación municipal do proxecto e o trámite de información pública.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras isto, a Xunta poderá iniciar a tramitación e licitación das obras, que se prevé para o último trimestre deste ano, para iniciar a súa execución no primeiro trimestre do 2024. Os traballos teñen un prazo de execución de 12 meses.

Actuacións que se executarán

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, Augas de Galicia executará as obras necesarias no concello de Cabana de Bergantiños, que actualmente carece dunha rede municipal de abastecemento de auga potable que garanta a subministración a Nantón, Anos e á zona de implantación do futuro parque industrial da Costa da Morte.

Trátase dunha zona cunha poboación actual próxima a 1.500 habitantes e cunha demanda potencial importante contando coa implantación do citado polígono empresarial. As necesidades de abastecemento na zona resólvense actualmente de forma individualizada e particular mediante pozos ou captacións en mananciais, en todo caso, de escaso caudal cunha calidade e garantía de subministración deficiente.

A intervención prevista pola Xunta comezará polo conxunto de traballos necesarios para a finalización das obras xa executadas, desde a limpeza e comprobación das tubaxes de impulsión e distribución existentes á reparación daqueles elementos que teñan danos. No depósito existente prevese, ademais, a limpeza e impermeabilización dos muros e a execución da cuberta.

A captación da auga no río Anllóns farase mediante toma directa a un pozo de bombeo. O pozo estará situado a unha distancia dun 10 metros da canle do río. Na canle instalarase un filtro estático mergullado, conectado ao pozo de bombeo mediante unha tubaxe de fundición de 200 mm de diámetro. O pozo de bombeo estará formado por 8 aneis prefabricados, cunha profundidade de 8 metros sobre unha base de formigón.

A obra permitirá a instalación de dúas bombas verticais mergulladas en réxime de funcionamento 1+1. Estas bombas impulsarán un caudal de 100 m³/h. O pozo de bombeo estará cuberto por unha caseta de 5,40 x 4,40 metros na cal se instalará o conxunto de valvularía da impulsión, un dispositivo antiarriete de 1.000 litros de capacidade e o cadro eléctrico da instalación. Tamén se conectará a impulsión desde a saída do pozo ata o punto de conexión existente mediante tubaxe.

O edificio da estación de tratamento de auga potable (ETAP), duns 586 m² en planta baixa, situarase anexo ao depósito existente. Para instalar o decantador realizarase un muro en que quedarán embebidos tres piares e que servirá como soporte ás vigas da cuberta. A cimentación resólvese mediante zapatas unidas mediante unha viga de atado, excepto na zona do decantador, que será mediante unha laxa de cimentación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No edificio habilitaranse dúas salas, unha de control con aseo anexo, e outra para reactivos. Na zona pegada ao depósito existe unha cámara de claves que quedará incluída dentro do edificio.

O proceso de tratamento da auga na estación potabilizadora incluírá o pretratamento de auga bruta e mestura de reactivos, a floculación, decantación e filtración e o tratamento de desinfección ultravioleta.

A poboación futura beneficiada por estas actuación é de 1.871 habitantes equivalentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ A REHABILITACIÓN DA CASA NATAL DE OTERO PEDRAYO CUN PROXECTO QUE RECUPERARÁ OS VALORES CULTURAIS DOS XARDÍNS EXTERIORES DO PAZO

- O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio coa Fundación Otero Pedrayo por 80.000 euros para repor o deseño que ideara o autor no seu momento
- Actuarase nas áreas máis deterioradas reconstruíndo o viñado, o xardín romántico e recuperando a pérgola histórica, para integralo na experiencia da visita
- Acométese así unha segunda fase tras os traballos realizados en 2020 no Pazo de Trasalba en Amoeiro

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Otero Pedrayo pola que o Goberno autonómico completará a rehabilitación da casa natal do autor, o Pazo de Trasalba, a través dun proxecto que recuperará os valores culturais do seu exterior. En concreto, repórase o deseño dos xardíns como no seu día concibira o propio escritor, coa intención de integralos na experiencia de visita e solucionar varios problemas estruturais da contorna.

Para estas actuacións, o Goberno autonómico achegará 80.000 euros. A finalidade é conservar os valores de uso, elementos paisaxísticos e botánicos do exterior do inmovible coa intención de axudar os visitantes a interpretar a vida e a inspiración que Otero Pedrayo atopou nese lugar.

As actuacións desenvolveranse en 2023 e 2024 no viñado, xardín romántico, patio central, souto, horta de froiteiras e árbores patrimoniais, e tamén se recuperará a pérgola histórica, todos eles elementos que ata o de agora están en malas condicións. Estas actuacións culminan as accións levadas a cabo nos últimos anos e que elevan a 130.000 € o investimento realizado para o mantemento deste edificio. De feito, en 2020 asinárase un convenio coa devandita fundación por 50.000 € para reparar a cuberta do edificio, mellorar o sistema de abastecemento de auga e as condicións de calefacción, así como actuar no mirador e soportal.

Plan Xeración cultura

Ademais, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades colabora anualmente cunha achega económica de 23.000 € para o mantemento das dependencias da Casa Grande de Cima de Vila (gastos de mantemento e persoal) e para a actividade cultural da Festa Literaria do Premio Trasalba. Esta segunda fase intégrase no Plan Xeración cultura, a folla de ruta para acompañar o sector cultural cunha batería de medidas que centra un dos seus cinco eixes de actuación na conservación do legado patrimonial a través de distintas actuacións como a que é obxecto do presente convenio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Amplo legado do autor ourensán

O Pazo Museo de Otero Pedrayo está situado no lugar de Cima de Vila, na parroquia de Trasalba, concello de Amoeiro, Ourense. Neste lugar a Fundación Otero Pedrayo garda a memoria do que foi patriarca das letras galegas. Na visita ao museo pódense contemplar obxectos persoais do escritor, mobiliario e a súa biblioteca, así como a estrutura tradicional dun pazo galego de principios do século XX. Os fondos están conformados a partir do legado que fixo en vida Ramón Otero Pedrayo a Galaxia das propiedades en Trasalba, incluíndo o pazo e as propiedades anexas.

O Pazo de Trasalba deixa así testemuño do amplo legado de Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-1976), personaxe principal na vida cultural e política galega durante toda a súa vida adulta. Escritor, profesor, político e editor, formou parte de grandes iniciativas institucionais para o desenvolvemento cultural galego como o Partido Galeguista, o Seminario de Estudos Galegos –que este ano cumpre o seu centenario– ou a Editorial Galaxia, institucións que aínda hoxe son referentes de traballo e coñecemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O OBSERVATORIO DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL IBEROAMERICANA, QUE CONVERTERÁ GALICIA EN CENTRO INTERNACIONAL DE REFERENCIA NO SEU ESTUDO

- É a primeira medida do recentemente aprobado Plan de impulso ao libro galego e porase en marcha en colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix)
- Nace para ampliar a proxección exterior da produción galega e tecer redes de traballo coas literaturas de distintos países, e instalará a súa sede na Cidade da Cultura
- Tamén fomentará o estudo e investigación deste tipo de literatura e establecerá colaboracións cos centros da Organización Internacional para o Libro Xuvenil

O Consello da Xunta autorizou a posta en marcha do novo Observatorio da Literatura Infantil e Xuvenil Iberoamericana, unha acción impulsada en colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) que converterá Galicia en centro internacional de referencia deste xénero literario e impulsará o seu estudo e investigación. É a primeira medida do recentemente aprobado Plan de impulso ao libro galego cunha batería de accións para reforzar a proxección da creación literaria galega.

O observatorio xorde coa intención de tecer redes de traballo coas literaturas doutros países para ampliar a proxección exterior da produción galega e ampliar o seu estudo. Porá o foco na literatura dirixida ao público infantil e tamén á mocidade, entendendo baixo este concepto todo o relacionado coa creación e produción, tanto no referente aos textos como ás ilustracións tradicionais e imaxes gráficas. Afondará no libro impreso e nos novos formatos presentes e futuros da Península Ibérica e todos os Estados iberoamericanos e EE.UU.

Terá a súa sede na Cidade da Cultura de Galicia e realizará un traballo de análise da situación da literatura infantil e xuvenil iberoamericana, fomentando o seu estudo e investigación. Recollerá e clasificará os fondos actuais depositados na Cidade da Cultura coa intención de ampliar futuras achegas iberoamericanas e tamén fomentará o intercambio cultural, para o cal, entre outras actividades, se prevé a realización do I Encontro Internacional da Literatura Infantil e Xuvenil Iberoamericana en Galicia.

Neste sentido, o Observatorio establecerá tamén relacións e colaboracións con todos os centros iberoamericanos da Organización Internacional para o Libro Xuvenil e coa sección de España, onde están integradas as catro seccións territoriais representantes das linguas oficiais españolas. A intención é crear unha rede de traballo común e establecer sinerxías coas distintas literaturas latinoamericanas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Libro galego

O Observatorio é unha medida que xurdiu no proceso participativo aberto en 2022 pola Xunta de Galicia para que a cidadanía, sector, institucións e administracións públicas presentasen propostas susceptibles de seren incluídas nun PERTE cultural a nivel estatal.

Ao non ter prosperado o PERTE cultural por parte do Goberno central, a Xunta recuperou varias das propostas xurdidas no dito proceso para poder poñelas en marcha este ano. Deste xeito, o Observatorio intégrase como unha das medidas do Plan de impulso ao libro galego aprobado hai unhas semanas no Consello da Xunta para crear e fidelizar lectores e adaptarse á transformación dixital. Este plan conta cun investimento de 3 M€ e inclúe medidas consolidadas e novas, como este Observatorio de Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia, España e Iberoamérica, que se materializará grazas a un convenio con Gálix por 45.000 euros.

O Plan de impulso ao libro galego forma parte do Plan Xeración cultura, a folia de ruta posta en marcha este ano por 34 M€ que reforza con novas iniciativas o momento de creación e expansión do sector cultural galego e xunta esforzos desde a colaboración público-privada para a xeración de riqueza.

Con todas estas accións preténdese dar resposta aos desafíos do libro galego coa intención de que as familias, os centros educativos e as administracións públicas coordinen liñas de actuación para que a lectura e os libros formen parte das ferramentas e das capacidades básicas da sociedade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O COMPLEMENTO SALARIAL ESPECÍFICO PARA COMPENSAR OS 665 PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL AFECTADOS POLA NOVA LEI ESTATAL

- O obxectivo é que os docentes aos cales o Ministerio de Educación impide integrarse no corpo de profesores de secundaria non se vexan prexudicados
- Galicia foi a primeira comunidade en integrar no corpo de secundaria o profesorado que cumpría os requisitos marcados polo Goberno central, un total de 1.014 docentes
- A Consellería de Educación continúa demandando solucións para que o proceso de integración non xere desigualdades

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde definitiva á creación dun complemento salarial específico para compensar os 665 profesores técnicos de FP galegos que, por non dispoñeren da titulación exixida, non poden integrarse no corpo de profesores de secundaria. Cómpre lembrar que esta categoría profesional foi declarada para extinguir polo Goberno central na nova lei educativa, malia que o profesorado técnico de FP é un dos piares fundamentais do éxito destas ensinanzas dados os coñecementos prácticos que poden achegar ao alumnado.

O feito de non poder integrarse no corpo de secundaria supoñía para estes 665 profesores técnicos un desequilibrio salarial, ao desenvolver as mesmas funcións que os 1.014 docentes que si puideron pasar ao corpo de secundaria. Galicia foi, a finais do mes de abril, a primeira comunidade do Estado en completar este proceso de integración para os docentes que cumpren os requisitos marcados polo Ministerio de Educación, un paso cun custo de algo máis de 2 M€ ao ano que a Xunta asume de xeito íntegro.

O complemento aprobado hoxe terá un custo anual de 1,5 M€, que tamén sostén o Goberno galego en solitario e está previsto aplicalo a partir do 1 de setembro deste ano. O importe ascende a 146,93 € mensuais, que cobren a diferenza retributiva entre soldo base dos profesores de secundaria e do corpo para extinguir de profesores técnicos de FP, tendo en conta a repercusión nas pagas extraordinarias.

Evitar desigualdades

Deste xeito, dáse resposta ás demandas deste colectivo, co cal o titular do departamento educativo do Goberno galego xa se reuniu en varias ocasións para transmitir-lles o seu apoio. En calquera caso, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades continuaralle demandando ao Goberno central solucións para que o proceso de integración non xere desigualdades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A extinción do corpo de profesores técnicos de formación profesional incluíuse na LOMLOE, a nova lei educativa estatal que só abría a porta á integración no corpo de secundaria a aqueles que reunisen os requisitos de titulación. Con posterioridade, nun intento de emendar este erro advertido pola Xunta, a Lei de formación profesional creou un novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional para un total de 10 especialidades á marxe dos de secundaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA FINANCIARÁ CON 17,3 M€ A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DOS GRUPOS CIENTÍFICOS MÁIS COMPETITIVOS DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I

- Salienta que se procura impulsar a excelencia e dar estabilidade ao persoal científico que exerce en Galicia
- Apóíase así a actividade investigadora dos grupos de referencia competitiva, dos grupos de potencial crecemento e dos proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente
- O Goberno galego leva mobilizado máis de 223 M€ nos últimos 13 anos para estas entidades, o que dota de estabilizada a actividade investigadora de 285 grupos

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor a aprobación hoxe por parte do Consello da Xunta da partida de 17,3 millóns de euros a axudas para garantir o funcionamento dos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i para o período 2023-2027.

“O obxectivo é que os investigadores galegos teñan garantía dun financiamento dabondo e estable para desenvolver os seus proxectos a curto, a medio e longo prazo”, subliñou Rueda con respecto a esta liña de axudas conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

A convocatoria vai dirixida ás tres universidades públicas galegas, aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións galegas de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia.

Rueda enzalzou o dato de que, con cargo a ela, o Goberno galego leva mobilizado máis de 223 millóns de euros nos últimos 13 anos para estas entidades grupais, o que garante que en día de hoxe haxa en Galicia 285 grupos cunha actividade investigadora constante.

O mandatario galego incidiu en que estas axudas procuran que os grupos de científicos máis excelentes do sistema galego de investigación poidan desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo, de ser o caso. Trátase, por tanto, dunha acción que permitirá seguir dotando o sistema investigador de estabilidade e impulsando a súa excelencia.

Tres modalidades e a consideración do liderado e importancia das mulleres

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda precisou que, ao igual que nas convocatorias anteriores, a orde inclúe tres modalidades de axuda. Unha delas vai dirixida ao apoio a grupos de referencia competitiva que, segundo apuntou, son aqueles considerados "a primeira división da investigación" cunha traxectoria consolidada. A axuda renóvase cada catro anos e oscila entre os 200.000 e os 400.000 euros.

A segunda modalidade das axudas é para grupos de potencial crecemento. O presidente exolicou que se trata daqueles que están na senda de excelencia "cun pontencial de crecemento", valorou. As achegas son cada tres anos e están entre 90.000 e 120.000 euros.

A terceira modalidade destas axudas vai dirixida a proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente. Esta partida procura, segundo indicou Rueda, darlle unha oportunidade a aqueles científicos alleos aos grupos ou que queren liderar o seu propio proxecto poidan facelo.

No caso desta terceira modalidade existen dúas variantes, o pres unha para reforzar a traxectoria investigadora consolidada do beneficiario, con 200.000 euros por proxecto, e outra para os investigadores emerxentes, con 125.000 euros.

Nesta nova convocatoria manterase o criterio de ter en consideración o liderado e a importancia e o papel desempeñado polas mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no Sistema galego de I+D+i.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 13,3 M€ NO SERVIZO DE MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DO SERGAS

- O servizo de mantemento para contratar é do tipo integral a «todo risco», incluíndo a asistencia técnica, as pezas, os recambios, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo e o transporte
- O mantemento deste equipamento é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e os profesionais que o utilizan e para alcanzar unha xestión óptima del
- Os equipos de alta tecnoloxía incluídos neste contrato son un total de 53

O Goberno galego autorizou a contratación do servizo de mantemento integral e dos equipamentos de alta tecnoloxía e da evolución desta aparelaxe da marca Philips instalada nos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Sergas, por un importe de 13.316.049 €, para o período 2023-2027. O citado procedemento ten como finalidade manter en todo momento os equipamentos de alta tecnoloxía e sistemas asociados en perfecto estado de funcionamento, co obxecto de acadar unha alta dispoñibilidade deste equipamento ao tempo que se prolonga a súa vida.

Os equipamentos de alta tecnoloxía incluídos neste contrato, un total de 53, son os das seguintes modalidades: resonancias magnéticas, equipos de tomografía axial computarizada, equipos de radioloxía intervencionista, equipos de cardioloxía intervencionista, equipos SPECT, equipos PET, equipos de radioloxía dixital e, en xeral, todas as modalidades de equipamento de alta tecnoloxía que, polas súas especiais características, só poidan ser mantidas polo seu fabricante.

Na actualidade existe unha grande homoxeneidade na xestión do mantemento deste equipamento nos distintos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, tanto nas coberturas dos contratos como nos niveis de servizo e dispoñibilidade exixidos, con criterios homoxéneos de prestación dos servizos. Así e todo, xorde a necesidade de abordar a xestión da vida útil dalgúns equipamentos, e consecuentemente, a necesidade de acometer evolucións, actualizacións ou renovacións que prolonguen a súa vida útil.

O servizo de mantemento para contratar é do tipo integral «a todo risco», incluíndo a asistencia técnica, as pezas, os recambios, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo, o transporte e os demais gastos que poidan derivar do seu cumprimento, así como a realización das actualizacións recomendadas por este fabricante cando estas sexan liberadas; inclúese a posibilidade de abordar moitas actuacións mediante a conexión remota co equipamento, co que se pretende a anticipación ás paradas non programadas dos equipos e, polo tanto, un acurtamento do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tempo de reparación, o que permitirá acadar unha maior dispoñibilidade do equipamento de alta tecnoloxía.

Esencial para manter a seguridade dos pacientes

Sanidade remarca que, para proporcionar a mellor atención sanitaria, é necesario avanzar no diagnóstico e tratamento das patoloxías con técnicas cada vez menos invasivas, menos dolorosas e máis seguras para os pacientes. O equipamento de alta tecnoloxía médica é considerado unha das variables clave que inflúen de forma decisiva na calidade do proceso asistencial. Trátase dun dos elementos fundamentais na cadea de diagnóstico e da terapia que posibilita unha correcta asistencia sanitaria en tempo e forma. Así pois, o mantemento deste equipamento é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e os profesionais que o utilizan e para alcanzar unha xestión óptima del, co obxecto de maximizar a súa vida útil e evitar a súa obsolescencia.

A altísima capacitación requirida para levar a cabo as tarefas de mantemento destes sistemas fai imposible a súa realización por parte de persoal propio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 5,8 M€ NA COMPRA DE TRES ROBOTS CIRÚRXCOS PARA CIRURXÍA ORTOPÉDICA

- Adquírense tres robots, que irán destinados ao hospital Clínico Universitario de Santiago, ao Álvaro Cunqueiro de Vigo e ao Hospital Universitario da Coruña
- A sanidade pública galega avanza así na súa capacidade de cirurxía robótica, que iniciou en 2021 coa instalación de equipamentos deste tipo nas sete áreas sanitarias (robots Da Vinci), e que realizaron en case dous anos preto de 3.000 intervencións
- A utilización do sistema de cirurxía robótica para a substitución de xeonllo e de cadeira demostrou ser a máis vantaxosa para o doente en comparación coas técnicas manuais, xa que supoñen unha maior exactitude e precisión, ademais de menor tempo de recuperación e unha diminución das complicacións

A Xunta de Galicia investirá un total de 5.817.455 euros para a subministración de robots cirúrxicos para cirurxía ortopédica ao Servizo Galego de Saúde, coa adquisición de tres robots que se instalarán nos complexos hospitalarios de Santiago, Vigo e A Coruña.

A Xunta inicia así a extensión ao campo da cirurxía ortopédica dos avances en cirurxía robotizada que, desde 2021, se puxeron á disposición dos profesionais do Sergas para intervencións de uroloxía, xinecoloxía, cirurxía xeral e dixestiva, otorrinolaringoloxía ou cirurxía torácica.

Como nestes casos, a utilización do sistema de cirurxía robótica para a substitución de xeonllo e de cadeira demostrou ser a máis vantaxosa para o doente en comparación coas técnicas manuais, xa que supoñen unha maior exactitude e precisión á hora de planificar a posición e o tamaño do implante, ademais de supor menor sangrado durante a cirurxía, menor dor postoperatoria, menor tempo de recuperación e de estadia hospitalaria e unha diminución das complicacións.

A artoplastia total de cadeira e a artroplastia total de xeonllo son, actualmente, dous dos procesos cirúrxicos de máis alta prevalencia en cirurxía ortopédica e traumatoloxía, e demostran ser altamente efectivos á hora de mellorar a dor e a calidade de vida dos doentes con patoloxía dexenerativa ou inflamatoria das ditas articulacións.

Un dos aspectos máis difíciles da cirurxía de substitución de articulacións é colocar os compoñentes individuais da articulación artificial na mellor aliñación posible para que encaixen e funcionen sen problemas. Polo tanto, o obxectivo principal dos dispositivos robóticos é de prover o cirurxián dunha ferramenta específica para executar, de forma exacta, os cortes óseos de acordo cunha precisa planificación cirúrxica previa, conseguindo así restablecer a cinemática e o balance de partes brandas do xeonllo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

primitivo. O brazo robótico proporciona retroalimentación táctil, visual e auditiva para axudar o cirurxián a lograr a orientación desexada, o que pode mellorar a estabilidade e mobilidade.

Esta iniciativa enmárcase dentro das actuacións financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID.

Cirurxía robótica na sanidade pública galega

A Xunta iniciou a súa aposta pola cirurxía robótica coa adquisición de sete robots que comezaron a funcionar no quirófanos das sete áreas sanitarias galegas en xullo de 2021 (Da Vinci) e que realizaron desde entón preto de 3.000 intervencións en eidos como a uroloxía, a xinecoloxía, a cirurxía xeral e dixestiva, a otorrinolaringoloxía ou a cirurxía torácica.

En total, o investimento xa comprometido pola Xunta de Galicia para a instalación, mantemento e material para o funcionamento deste equipamento supera os 56 millóns de euros.

Ademais, o Sergas dotouse dun Comité Clínico de Cirurxía Robótica para deseñar unha estratexia de uso corporativo destes equipos e acadar un desenvolvemento progresivo e homoxéneo da utilización desta tecnoloxía en todo o Sergas. Este órgano foi definindo as fases e procedementos de utilización do robot e facendo un seguimento do programa de formación e incorporación, así como permitindo compartir experiencias entre as distintas áreas e servizos para favorecer ese desenvolvemento homoxéneo en toda Galicia.

Actualización do equipamento dos bloques cirúrxicos

A Xunta continúa así a avanzar co programa integral de actualización do equipamento dos bloques cirúrxicos de toda a planta hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

Así, aprobouse recentemente a licitación, por un importe de 4.529.453 euros, para adquirir un total de 443 estacións de quirófano. Estes dispositivos instaláranse na totalidade dos centros hospitalarios públicos da Comunidade galega, incluídos os de ámbito comarcal.

Ademais, a Xunta adquiriu 37 equipos radiocirúrxicos con detector dixital plano (por un importe de 3.834.656 euros); renováronse 97 lámpadas cirúrxicas e 57 mesas cirúrxicas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(cuxo importe conxunto supera os 4,1 millóns de euros); actualizáronse os sistemas de anestesia do conxunto de hospitais públicos galegos (por un importe de 4.921.070 euros); e dotouse o Hospital Público do Salnés dunha nova central de esterilización para o bloque cirúrxico, mediante un investimento de 567.732 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 41 M€ NA IMPLANTACIÓN DA GRATUIDADE PARA O 100 % DO ALUMNADO NAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL E PRIVADAS

- Aclara que a partida para escolas infantís públicas será obxecto doutro acordo do Consello da Xunta e salienta que a gratuidade na atención educativa de 0 a 3 anos beneficia na actualidade a máis de 31.000 familias galegas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe da aprobación no Consello da Xunta dun investimento de máis de 41 millóns de euros para que as escolas infantís de iniciativa social e as privadas apliquen a gratuidade na atención educativa de 0 a 3 anos para o 100 % do alumnado a partir do vindeiro mes de setembro.

O mandatario galego precisou que esta partida só afecta a estes dous modelos, privado e de iniciativa social, xa que a partida para as escolas infantís públicas será obxecto doutro acordo diferente por parte do Consello da Xunta. Precisamente, o celebrado hoxe aprobou unha convocatoria conxunta con crédito ampliable e con dúas liñas: unha para os centros de iniciativa social, dotada con 11,9 millóns de euros, e outra para as privadas, con 29,5 millóns de euros.

Rueda puxo en valor que Galicia foi a primeira e única comunidade na que a educación infantil é totalmente gratuíta para todos os nenos e nenas que van á escola, un dato que puxo en relación co feito de que a comunidade conta coa taxa de escolarización nesta etapa educativa de 0 a 3 anos das máis altas de España, cunha porcentaxe de 50,5 %, "fronte ao case 42 % da medida nacional", comparou. Tamén salientou que na actualidade son máis de 31.000 as familias galegas que levan ao seu fillo a unha escola infantil e que se están a beneficiar da gratuidade destes centros.

A orde que rexerá este procedemento publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos vindeiros días, contará con facilidades para a planificación das escolas e financiará a medida un máximo de once meses por curso.

Anticipos

Ademais, nesta convocatoria contarase con tres anticipos da axuda, que lles permitirán aos centros ter liquidez. O primeiro anticipo realizarase antes de que comece o curso e será do 100 % da axuda correspondente ao período de setembro a decembro deste ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os outros dous anticipos faranse o vindeiro ano. Un 45 % da axuda de 2024 realizarase a comezos do exercicio, para o período de xaneiro a marzo; e un segundo anticipo será doutro 45 % en abril e corresponderá aos meses de abril a xullo. Ao final do curso entregarase o 10 % restante do importe de 2024 xa tendo en conta o número real de nenos matriculados e co fin de regular calquera desaxuste.

A gratuidade nas escolas infantís, da cal se benefician máis de 31.000 familias, deseñouse de xeito que as nais e pais non teñan que realizar ningún tipo de papelame a maiores, xa que todas as xestións se realizan entre a Xunta e o propio centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA PRETO DE 530.000 EUROS AOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DE GALICIA PARA APOIAR O SEU FUNCIONAMENTO

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a repartición de axudas para 25 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade
- O sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade supón unha facturación anual duns 600 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores de indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas que cada ano chega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio, o orzamento ascende aos 526.850 euros, que se distribuirán entre 25 entidades segundo criterios de repartición obxectivos.

En particular, tivéronse en conta, como todos os anos, aspectos relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais e o peso dos custos de persoal fronte ao total. Así, estas 25 entidades recibirán entre 5.000 e algo máis de 30.500 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade e para facilitar o seu labor ao longo de todo o ano.

Entre os gastos subvencionables están os custos de persoal, incluídas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF, e bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores. Así, financiaranse gastos como o alugueiro de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, etc.

A través destas axudas, a Xunta contribúe ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para aqueles consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

O sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade representa unha facturación anual duns 600 millóns de euros, polo que conta cunha grande importancia, tanto dende o punto de vista económico como social. Por iso, a Xunta apoia e fomenta estas producións, tanto polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galego como polo seu potencial dinamizador socioeconómico para o medio rural. Considérase fundamental para a economía galega e, polo tanto, para os cidadáns, manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, polo efecto que ten no conxunto da economía galega, tanto directo como inducido, na medida en que se dá valor á «marca» Galicia, o que repercute en beneficio de toda a cidadanía.

Aberto o prazo das axudas para programas de calidade

Cómpre sinalar que está aberto o prazo para que os distintos consellos reguladores poidan solicitar as axudas para programas de calidade, cuxo orzamento para este ano 2023 é de 340.000 euros. Estas axudas permitiránlles a estes entes manter o elevado nivel de rigorosidade necesario na realización das súas tarefas de control da orixe e da calidade dos produtos que certifican, rigor que é clave para a reputación das nosas denominacións de orixe e indicacións xeográficas e, en xeral, para a reputación do noso sistema de control da calidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REVALIDA A SÚA COLABORACIÓN CON XENÉTICA FONTAO PARA A MELLORA DO GANDO FRISÓN CUNHA NOVA ACHEGA DE 600.000 EUROS

- O Consello autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para continuar co Programa de mellora xenética da gandada frisoa en Galicia no período 2023-2026
- Xenética Fontao comprométese a facilitarlles aos gandeiros, de xeito gratuito, unha achega mínima dunhas 40.000 doses de sementais e touros probados de alto valor xenético, máis outras 10.000 doses anuais de touros con alta valoración xenómica a título promocional
- Os obxectivos do acordo son, por un lado, mellorar a rendibilidade das explotacións e a profesionalización do sector lácteo e, por outro, permitirlles aos gandeiros acceder a material xenético de alta calidade en condicións económicas vantaxosas
- A estratexia de dinamización do sector lácteo busca precisamente afondar nos plans de mellora xenética de cara a seguir desenvolvendo todo o potencial deste eido fundamental do rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2023-2026. A iniciativa, que comezou no ano 2011, está dotada cun total de 600.000 euros.

O obxecto deste convenio é, por un lado, establecer as condicións da colaboración entre ambas as partes para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética da raza frisoa de Galicia, contribuíndo deste xeito a mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e á profesionalización do sector.

Por outra banda, trátase de permitirlles aos gandeiros galegos que colaboran no control leiteiro oficial (son uns 2.300 en total), e que estean inscritos no libro xenealóxico da raza frisoa, acceder a material xenético de sementais de elite a nivel mundial en condicións económicas moi vantaxosas, así como a material xenético de sementais en proba de Xenética Fontao de xeito gratuito.

Así, en virtude deste convenio, Xenética Fontao comprométese, entre outras cousas, a realizar un programa de testaxe anual dun número mínimo de 40 sementais, dos cales se facilitará aos gandeiros en control leiteiro oficial, de xeito gratuito, unha achega mínima anual de 35.000 doses para garantir a súa proba. Así mesmo, realizará tamén outra achega gratuítas aos gandeiros dun mínimo de 4.000 doses anuais de touros probados de alto valor xenético ás gandarías participantes no programa, máis un

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mínimo de 10.000 doses anuais de touros con alta valoración xenómica –a título promocional– para os gandeiros adheridos ao programa que soliciten doses seminais nesta oferta conxunta anual.

Sector lácteo

Os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandaría moderna, eficiente e competitiva. Neste caso, a selección xenética da raza frisoa vai parella ao desenvolvemento do sector lácteo de Galicia. O actual Programa de mellora xenética de Galicia resulta da revisión e actualización dos anteriores, salvagardando os seus aspectos básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse á evolución científica e aos cambios socioeconómicos do sector leiteiro galego.

A través desta iniciativa, a Xunta dálle un novo apoio ao sector leiteiro galego e prosegue coa aposta polos gandeiros galegos, para facelos máis competitivos e rendibles nun mercado cada vez máis exixente. Ademais, pon á disposición dos produtores galegos técnicas innovadoras no campo da mellora animal, favorecendo o posicionamento da xenética galega na vangarda da selección mundial.

Así mesmo, cómpre indicar que a Estratexia de dinamización do sector lácteo busca precisamente afondar nos plans de mellora xenética de cara a seguir desenvolvendo todo o potencial deste eido fundamental do rural, e mesmo prevé programas específicos para novas razas de vacún de leite co gallo de adaptarse ás novas demandas da industria.

Xenética Fontao

Xenética Fontao, S.A. é unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros Fefriga (Federación Frisoa Galega) e Acruga (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega).

Trátase dun actor fundamental na mellora xenética gandeira de Galicia a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos ao sector agrogandeiro de analítica molecular utilizando a biotecnoloxía do ADN e novas tecnoloxías reprodutivas como a fecundación in vitro. Ademais, Xenética Fontao realiza proxectos de innovación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica de grande importancia no sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA ADAPTACIÓN DO POSTO DIXITAL DO EMPREGADO PÚBLICO COA LICITACIÓN DUN NOVO CONTRATO MARCO PARA ADQUIRIR ATA 15.500 NOVOS DISPOSITIVOS EN TRES ANOS

- É una das medidas enmarcadas no Informe sobre o Plan 2021-2023 do posto dixital avanzado do persoal empregado público, que está a dotar aos empregados públicos dos recursos tecnolóxicos adecuados ás necesidades dunha administración intelixente
- O acordo marco permitirá adquirir equipos fixos, portátiles e tabletas, para seguir avanzando na implantación deste novo modelo
- Ademais, o Goberno galego autorizou a licitación do servizo de atención e soporte aos empregados públicos no uso dos dispositivos e sistemas corporativos

O Plan de Posto Dixital Avanzado 2021-2023 está a dotar ao persoal empregado público dos medios tecnolóxicos axeitados para adaptar o seu posto de traballo ao modelo de goberno e administración intelixentes e ás crecentes demandas do teletraballo. O desenvolvemento do Plan estase a realizar a través de acordos marco como o que licitará a Xunta para posibilitar a adquisición, a través de tres provedores, de ata 15.200 equipos xunto con diferentes dispositivos periféricos (ratos, teclados, auriculares, cables etc...)

O acordo, cun valor estimado de 19 millóns de euros terá unha vixencia de tres anos prorrogable por un ano, sempre que os acordos derivados non superen o valor estimado. Está estruturado en seis lotes en función dos diferentes tipos de equipamento.

O primeiro lote contempla a subministración de 6.000 ordenadores básicos con pantalla e compoñentes periféricos (teclado, rato óptico e auriculares con micro) por un valor de 5,8 millóns de euros. O segundo lote está destinado á adquisición de 600 ordenadores avanzados con pantalla e os mesmos dispositivos que o anterior, por importe de 900.000 euros.

O terceiro lote, por importe de 7,5 millóns de euros, permitirá a compra de ata 4.000 portátiles estándar e 1.000 avanzados xunto con diferentes dispositivos complementarios para o seu uso. O cuarto lote é para a subministración de ata 600 equipos "All in one" (que integran todos os compoñentes hardware na pantalla) e dispositivos complementarios cun importe de 510.000 euros. O quinto lote está destinado a adquisición de 5.000 pantallas por valor de ata 1,4 millóns de euros e o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sexto lote permitirá a compra de ata 3.000 tabletas e dispositivos complementarios por un importe de ata 2,88 millóns de euros.

Servizo de Atención

No marco deste Plan de Posto Dixital Avanzado, o Consello do Goberno galego autorizou a licitación do servizo de atención e soporte para as persoas usuarias dos equipos e sistemas corporativos da Xunta. Este servizo proporciona un único punto de interlocución, centralizando as consultas, xestión de incidencias e solicitudes de servizo que se xeran no día a día, ademais doutras actividades orientadas á mellora continua do servizo, así como o acompañamento na implantación de novos sistemas, a xestión de notificacións masivas, e a xestión centralizada dos medios tecnolóxicos. Ademais, garante unha atención 24x7 para calquera urxencia fóra do horario laboral. O novo contrato ten un importe de licitación de 2,22 millóns de euros para un período de 2 anos.

Acordos e financiamento

Ademais do acordo para equipamento, tamén forman parte do Plan o de subministración e xestión dos medios de impresión de documentos en centros da Xunta; ou o de solucións de virtualización de postos de traballo.

O Plan de Posto Dixital Avanzado 2021-2023 implica a evolución dun importante número de postos dos empregados públicos, xa que non se limita á renovación por obsolescencia, senón que busca dar resposta a novas necesidades, contando con financiamento dos fondos Next Generation.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN PAQUETE INTEGRAL DE AXUDAS PARA MELLORAR A XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS, CUN ORZAMENTO preto de 20 m€ PARA OS PRÓXIMOS 3 ANOS

- As subvencións van dirixidas principalmente a concellos, pero tamén a entidades privadas xestoras deste tipo de residuos co fin de impulsar a economía circular no eido local e avanzar cara ao cumprimento dos obxectivos comunitarios na materia
- Serán 4 liñas de incentivos destinadas a mellorar ou implantar proxectos para a xestión dos biorresiduos; impulsar a recollida separada de residuos domésticos especiais; ampliar a actual rede de puntos limpos; e mellorar ou construír novas instalacións destinadas á preparación para a reutilización dos materiais reciclables
- Estas novas ordes enmárcanse no apoio económico e loxístico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ás entidades locais galegas para optimizar os servizos municipais dedicados a xestionar o lixo doméstico

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un paquete integral de axudas para mellorar a xestión dos residuos municipais, cun orzamento de preto de 20 millóns de euros para os próximos 3 anos. A previsión do Goberno galego é realizar as respectivas convocatorias antes do verán.

Estas subvencións, que van dirixidas principalmente a concellos, pero tamén a entidades privadas xestoras deste tipo de residuos, teñen como obxectivo contribuír a que a Comunidade avance tanto no cumprimento da normativa europea en materia de refugallos municipais como no impulso da economía circular no eido local e a consecuente contribución á loita contra o cambio climático.

Serán, en total, 4 liñas de incentivos destinadas a mellorar ou implantar proxectos para a xestión dos biorresiduos; impulsar a recollida separada de residuos domésticos especiais; ampliar a actual rede de puntos limpos, e mellorar ou construír novas instalacións destinadas á preparación para a reutilización dos materiais reciclables.

Máis polo miúdo, a liña orientada a avanzar na xestión da fracción orgánica do lixo, que os concellos deberán ter implementada antes do 31 de decembro de 2023, contará cun orzamento de máis de 10 millóns de euros para axudar ás entidades locais a financiar proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada dos biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico ou iniciativas de separación e reciclaxe en orixe destes refugallos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria.

No que atinxe aos residuos especiais de orixe municipal, tales como aceites, refugallos téxtiles, residuos domésticos perigosos, voluminosos así como aparellos electrónicos e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eléctricos, o Goberno galego porá a disposición das entidades locais 3,1 millóns de euros en axudas coas que poderán financiar actuacións como a mellora de puntos móbiles existentes, a instalación de puntos limpos de proximidade ou a adquisición de instalacións itinerantes para a recollida deste tipo de residuos.

Nesta liña de acción tamén se inclúen proxectos de construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización ou autorreparación de residuos domésticos recollidos separadamente así como das instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos refugallos que se recollen de forma mesturada.

A finalidade destas medidas é alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de novos refugallos, contribuíndo á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e á reciclaxe e reducindo os residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro, a opción menos desexable.

Ademais, o Goberno galego porá 800.000 euros á disposición das entidades locais a través doutra orde de subvencións para a construción de novos puntos limpos fixos, achegando este servizo a toda a cidadanía e contribuíndo así ao cambio do modelo produtivo lineal —baseado en usar e tirar— cara a un circular —no que os produtos e materiais se reutilizan, reparan ou recuperan para reintroducilos no ciclo produtivo—.

De feito, ao abeiro do obxectivo de dotar dunha nova vida aos materiais procedentes da recollida separada dos residuos municipais, a Xunta destinará tamén 5,6 millóns de euros a unha cuarta liña de axudas para que empresas, asociacións e fundacións galegas, a través de actividades de preparación para a reutilización, executen melloras nas plantas de triaxe e tratamento existentes ou proxectos para a construción de novas instalacións de cara a previr a xeración de refugallos e o seu depósito en vertedoiro.

Outras accións da Xunta

Estas novas ordes enmárcanse no apoio económico e loxístico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ás entidades locais galegas para optimizar os servizos municipais dedicados a xestionar o lixo doméstico. E veñen sumarse ao Plan de infraestruturas de tratamento dos biorresiduos deseñado pola Xunta, da man de Sogama, que permitirá abordar con garantías a xestión da fracción orgánica e a súa transformación en compost de calidade grazas a unha rede conformada por 17 plantas — 4 delas dedicadas ao tratamento dos biorresiduos e outras 13 de transferencia—.

A maiores, cómpre lembrar que na actualidade, estase traballando tamén na aprobación do Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2023-2030 e do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2023-2030, que lle darán continuidade aos anteriores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ EN MAIO POR MÁIS DE 43,1 M€ TRES PROGRAMAS DE AXUDAS PARA IMPULSAR A REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE VIVENDAS E EDIFICIOS RESIDENCIAIS

- Rueda resalta que a previsión é impulsar actuacións para facer máis eficientes e reducir os consumos de enerxía de ao redor de 12.500 vivendas, fronte ás 6.700 da anterior convocatoria
- Subliña que o obxectivo “é mobilizar uns 90 M€” entre as achegas da Xunta e os investimentos previstos por parte dos particulares que resulten beneficiados
- Unha das liñas vai dirixida a financiar actuacións en edificios de uso residencial colectivo ou en inmobles unifamiliares cun límite de 26.750 € por cada subvención
- Outra das convocatorias prevé incentivos de ata 3.000 € para colaborar na execución de pequenas obras, como cambio de ventás ou melloras en fachadas, que permitan facer máis eficientes e sustentables as vivendas obxecto da intervención
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tamén ofrecerá axudas de ata 3.500 € para a elaboración do chamado libro do edificio e dun máximo de 30.000 € para a redacción de proxectos técnicos para a rehabilitación integral de inmobles

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai convocar este mes de maio, por un orzamento global de máis de 43,1 millóns de euros, tres programas de axudas dirixidos a financiar distintos tipos de actuacións e documentos de carácter técnico “para mellorar a eficiencia enerxética de vivendas e edificios residenciais”.

O Consello analizou hoxe un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre as convocatorias, por segundo ano consecutivo, destas tres liñas de subvencións, enmarcadas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia e financiadas con fondos europeos.

Neste sentido, o obxectivo da Xunta en 2023 é seguir aproveitando a oportunidade que ofrece o programa *Next Generation UE* para promover o maior número posible de actuacións de rehabilitación enerxética a nivel residencial no conxunto de Galicia. De feito, tendo en conta o orzamento global dispoñible e o balance das convocatorias do ano anterior, tal e como explicou Rueda, a previsión é que se podería axudar a financiar actuacións para mellorar a eficiencia e reducir os consumos enerxéticos en ao redor de 12.500 vivendas galegas, é dicir, “case o dobre que na convocatoria anterior”, cando se chegou a 6.700.

En concreto, un dos programas de rehabilitación no eido residencial que se convocará este mes é o de actuacións a nivel de edificio. Destinado a apoiar a particulares, comunidades de veciños ou cooperativas propietarias de inmobles construídos antes do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ano 2000, convocarase por 36,44 millóns de euros e ten por obxecto subvencionar diferentes actuacións sobre a envolvente de edificios e construcións unifamiliares – como a renovación de fachadas e cubertas– así como a substitución de equipos de calefacción e auga quente por outros que non utilicen enerxía fósil para lograr unha redución dos seus consumos de, como mínimo, un 30%.

A subvención poderá chegar ata os 26.750 euros se se trata dunha vivenda unifamiliar e ata os 23.500 euros se é un edificio. A contía, en todo caso, dependerá do aforro enerxético acadado, do tipo de inmovible e dos ingresos do solicitante, de xeito que ante determinadas situacións de vulnerabilidade cubrirase incluso o 100% do custo das obras.

En canto á liña de incentivos para actuacións de mellora da eficiencia en vivendas, o obxectivo é animar aos propietarios, inquilinos ou usufrutuarios a executar pequenas obras no seu domicilio habitual –por exemplo, como explicou Rueda, “ao cambio de ventás- para lograr reducir a demanda tanto de calefacción como de refrixeración en polo menos un 7% ou un aforro enerxético de, como mínimo, o 30%. Cun orzamento de 3,86 millóns para 2023, a subvención cubrirá o 40% do custo da actuación cun límite de 3.000 euros por vivenda.

Por último, o presidente indicou que tamén se vai convocar o programa de axuda á elaboración do libro do edificio e á redacción de proxectos de rehabilitación, que terá unha dotación de 2,86 millóns de euros e cuxa finalidade será axudar a propietarios de edificios ou vivendas rematados antes do ano 2000 e que queiran facelos máis sostibles a sufragar o custo dos traballos e da documentación técnica que se require para levar a cabo este tipo de obras.

Neste caso, a contía máxima da axuda será de 3.500 euros cando se destine a elaborar o libro do edificio e poderá alcanzar os 30.000 euros se a solicitude se fai para a execución de proxectos técnicos de rehabilitación integral.

Estimación de investimento mobilizado

Este é o segundo ano que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) convocará estas tres liñas de axudas financiadas con fondos europeos e destinadas a impulsar a execución de obras e actuacións que contribúan a mellorar a eficiencia enerxética de vivendas e edificios de carácter residencial.

O impacto destes programas, en todo caso, vai máis alá do aforro e da mellora da eficiencia que supón para os inmoibles e os seus propietarios. Tamén contribúen a reducir as emisións procedentes do sector residencial a través da aposta por edificios e fogares máis sostibles, ao tempo que teñen un impacto positivo sobre a economía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, tal e como resaltou Rueda, a previsión é que, grazas a estas tres liñas, "se mobilicen uns 90 millóns de euros entre as achegas da Xunta e os investimentos realizados por particulares".

Por iso, tendo en conta a importancia e a alta demanda destas axudas, a Xunta abriu en marzo do ano pasado a Oficina de rehabilitación de vivenda en Santiago co obxectivo de asesorar e dar a coñecer entre os seus potenciais beneficiarios os novos programas de subvencións financiados con fondos europeos en materia residencial.

Co mesmo fin, o pasado mes decembro o IGVS puxo á disposición da cidadanía a través da súa páxina web un simulador de axudas (IGVSNNextCal) para facilitar o acceso ás diferentes liñas de subvencións en materia de eficiencia enerxética, unha ferramenta que proporciona a propietarios, técnicos e usuarios información sobre as liñas de axudas ás que se poden acoller en función da actuación prevista, as obras que sería necesario acometer para obter os resultados esixidos en cada convocatoria, ademais de permitir calcular o custo estimado das actuacións e o importe da axuda a percibir.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA